

UNHA PROMESA-

//=====//

*De estudante, mozo inteligente
xa tiña profesión, economista,
foi profesor e persoa altruista,
tiña un don que gañaba a xente.*

*Moitas ideas levaba na mente,
profesionalidade optimista,
aínda por ende sendo realista,
no interese, labor eminente.*

*Tiña por diante un longo camiño,
con calidades, só faltaba sorte..
Cantos amigos lle deron cariño!*

*Onde chegaba pegaba forte.
Moito sabía tan listo mociño
e sendo xoven segouno a morte!.*

-DESEXO CASAR-

//=====//

*Se nos casamos parella faremos
e desexo saber: Onde e cando?
se ti me fallas xa morro chorando.
Nunca esquezas canto prometemos!*

*Somos conscientes, moito nos queremos,
preto ou lonxe nós sempre soñando,
a soltería xa me está cansando,
sei que xuntños felices seremos*

*Busqueite por alá e por aquí
e mira onde raio te fun topar!
logo pregueiche algo: Non ou sí?*

*A túa resposta tardou en chegar.
pasei a vida pensando en ti.*

Por fin dixeches: “Eu quero casar!” .

A EROSIÓN DOS ANOS/

*Non sei que raio me pasa ou teño,
cousa que toco é cousa do diaño
se fago algo moi mal me apaño
ata dubido se vou ou se veño!*

*Fanme caricias e son máis ferreño,
coas persoas que quero regaño
comigo mesmo tamén me ensaño,
de nada vale que poña empeño.*

*Se moito miro, moito menos vexo
non fago nada cun chisco de xeito,
o meu corpo amosa latexo.*

Paso as noites a voltas no leito
non sinto fame nin desexo
e logo penso: Está todo feito! ,

• *RECORDOS ESPALLADOS-*

////

*Sinto nostalxia da miña aldea
onde xogaba cando era neno,
foron uns tempos nunca esquecidos
de moita xente e pouca comida,
e cada casa era un cuartel,
moito rebumbio e moitos rapaces,
no alimento faltaba de todo,
triste herdanza da maldita guerra,
tantas carencias era un desastre,
pero a xente soñaba feliz.
Os alimentos que sabían a gloria,
eramos nenos, cada día máis nenos,
pero no campo non quedaban homes,*

*sencillamente, eran outros tempos.
As circunstancias xeneran os cambios,
non son as mesmas e cambiamos nós,
por iso a historia será sempre
educadora do noso sentir.*

*Eidos pequenos, pero traballados;
a ignorancia, pan de cada día,
sobraban fillos e faltaban cartos,
ansia de ceo, temor do inferno,
noso perigo, sempre o asexo
e pregonaban case sen parar;
nas escolas, rapaces con piollos,
e neses intres, facendo memoria,
aínda recordo que fun moi rebelde.*

*Os ensinantes abríanme os ollos,
e, coma mestres, foron exemplares.*

*O silabario, terror da nenada,
o Manuscrito, un rompe cabezas,
cuxa lectura era trabalenguas,
o catecismo, do Padre Astete,
logo pizarra mailo pizarrín,
sobor da mesa, tinteiros sen tinta,
e a enciclopedia, Dalmau Carles
e, de repente: Zas! Unha zoupada,
era aviso para navegantes..*

Pobres e ricos, cachealos con carne,

*todos iguais, o consolo que daban,
din que cambiou, pero segue na mesma:*

*os ricos ben, os pobres a pregar.
se tiñan vaca, dúas vacas, tres vacas
xa eran poucas e mortas de fame,
porca miseria, non había de nada,
sempre soñando con tempos mellores..*

*Son xubilado, gústame o campo,
nos meus paseos visito aldeas
ledos lugares do medio rural.
son as esencias da nosa Galicia,
faltan rapaces que fagan ruxido,
esa presenza amosa euforia,
todos amigos coma en familia,
doce ambiente que moito admiro.
Nótase falta de homes no campo,
mundo sen nenos, árbore sen froito,*

*o noso pobo esmorece lento,
a situación ameaza fodida,
terras frondosas, pero sen cultivo,
cubren as silvas os vellos verxeles.
Un labrego exclama: Que fixemos!
Os nosos eidos regamos co suor
e deixamos a pel e mailo sangue,
toda a vida pegados a terra,
pero de vellos xa nada valemos,
se temos fillos aquí non se quedan,,
pronto Galicia será todo bosque.
Por fin chegou calidade de vida,
boas vivendas e grandes cociñas,
agora pistas, fora as congostras,
e na historia queda o candil. ,*

*Miro xardín cuberto de maleza
Sen a calor dos mozos campesiños,
Uns que finaron outros na cidade,
antes as casas con moitas persoas,
pero non eran nada confortables,
agora caseríos, pero sen xente
Agricultura xa pouco rentable,
A gandería xa entrando en crise
E a industria brilla por ausencia.
Onde está o motor do progreso?
Inadmisibile a falta de medios,

Cada recanto soña esquecido.
Campo través vou facendo camiño,
Pero, con rabia, choro sen parar,
Os paxariños afastan do niño
E a paisaxe perdendo as xoias.
Galicia rica, como é tan pobre!
Nosso futuro é cousa de todos
Son necesarias medidas urgentes.
Se tivo vida naquela miseria,
Por que morrer en tempos de bonanza?
Esta parcela de Curros Enríquez
E tantos outros coma Rosalía
Que a cantaron con tanto cariño,
No argumento de tantos poemas,*

*Sendo solar de fazañas de gloria,
Nosos porvir desexa outra sorte.
Dignifiquemos os nosos labregos
Recuperando amor pola terra
E industrializar produtos propios,
Recuperando nosos minifundios
Coas concentracións parcelarias,
Invernadoiros a moita escala,
Favorecendo novas enerxías
tamén mimar produción forestal
podemos acadar a solución,
para obter avances importantes.
hai que loitar pola terra meiga!
O embruxo galego, un tesouro,
é a esencia dun soño altruista,
doces encantos da nosa saudade.
se oportamos a falta de todo,
razón de peso para non rendirse
Galicia voltará a ser Galicia
ca grandeza que todos soñamos.
é nosa nai e confía nos seus fillos.*

-ESTRADA DE LALÍN-

//=====//

Con quince anos desexaba gañar,
naqueles tempos pouco pagaban,
xugo nas costas, as vacas tiraban,
o meu traballo, xugada guiar.

Carros de pedra sen pausa levar
e na estrada a carga deixaban,
logo voltar onde outro cargaban.
Pobriñas, laiaban de tanto tirar.

O contratista era o señor,
sempre rogando moito rendimento,
facía negocio co noso suor.

Logo os pagos eran coma vento,
e cada día esixía máis labor,
por ende, nunca estaba contento.

-ESTRADA DE RUBIÁN-

//=====//

Despois pasei a estrada de Rubián
e xa gañaba dúas pesetas máis,
soñaba soldo coma os demais,
cantos máis anos máis cartos darán.

Fixen de pinche e tiña un plan,
só pretendía axudar os meus pais
sen esquecer esa meta xamáis,
sempre na liorta de gaña-lo pan.

E por respecto o meu maioral
facía por ser un rapaz obediente,
auga traía, lonxano manantial

O pouco tempo xa estaba quente,
había insultos, o trato fatal,
tal actitude era repelente.

-XORNALEIRO-

//=====//

Xa no xornal con outros xornaleiros,
cavando monte futuro buscaba
e co esforzo dabondo suaba,
logo nabeiras, tamén nos morteiros.

Pero nas mallas, palla os palleiros,
de máis idade xa pan segaba,
chegar cos outros. Que mal o pasaba!
No tempo sacudir nos castiñeiros

Era desexo senta-la cabeza´
co pensamento parecía voar,
na ilusión de fuxir da pobreza.

Brega que brega co afán de gañar,
falta de cartos xa me da tristeza.
Sigo pensando que debo cambiar.

-APRENDIZ DE CANTEIRO-

Según meus pais xa era un perdido´
sendo pailán non tiña parada,
un infeliz, ademáis caradura;
o meu porvir amosaba fodido.

Era oficio de home curtido,
loitar con pedras, a miña tortura,
faltaba forza nesa aventura
e, polas noites chegaba rendido

Rubía cachotes por unha esqueira,
pouco doada a miña situación,
moito temor achegarme a beira.

E nas estadas vía a perdición,
tanto perigo fuxín a carreira.
Son un desastre, perdín a razón!

-COUSAS DA VIDA-

/=====//

Canto admiro a nosa campiña!
Nos meus paseos, rompendo camiños,
e meu pracer andar polos sendeiros,
preto do río e todo moi bonito,
por eses eidos non andan os coches,
traxectos bravos, pero sen perigo.
fondas congostras, rodeiras de carro
eran as pistas dos tempos antigos.
Cantas pasaron nosos devanceiros,
pobriños eles, xa cantaban doídos!

Na arboreda e tamén silveiras
os paxariños facendo no niño
nesta paisaxe de tanta beleza.
cada canción, entrañable suspiro.

Nos meus paseos coñezo os seres
que non rexeitan nada do que digo,
falo co eles dos males da terra,
neles confío, nunca rifan comigo.

Cando recordo que era rapaz
os sufrimentos nunca esquecidos,
o que bregaron aqueles labregos,
eses homiños sempre tan sufridos.
pobres, flaquíños, fozando na terra,
unha zoupada en cada xemido.

Mísera vida de tantas carencias
daqueles tempos dun mundo perdido.
faltaban medios na triste infancia,
aínda recordo as viaxes ao muiño,
sempre co saco nas costas rilando,
cargas de pan, outras veces de millo

Pouco doada tanta amargura,
escaramuzas de tempos fodidos,
un Deus dos pobres e outro dos ricos
co pensamento en cando fun novo.
Tantas pasei, non sei como vivo!
Miñas lembranzas da fame da guerra,
as inxustizas que sempre maldigo,
noso futuroo parecía de coña,
a dieta, noso destino..

Pero agora xa é diferente,
aqueles tempos matalos dun tiro.
tranquilidade brinda natureza,
música suave que canta no oído
cando o mundo amosa locura
xa nos governa o moito egoísmo
co seu afán enganar os demáis,
logo presumen que naceron listos.
nós infelices, tamén ignorantes.
Léveme o diaño se entendo isto!

Mentres paseo non teño problemas,
malos recordos da mente retiro
e no lecer fago cama na herba,
nada supera lectura de libros,
son cousas novas, outras fantasías.
Vaia deleite a sombra dun pino!
As sensacións de tan grato pracer,
estes paraxes doces e tranquilos.
paxaro libre, a mellor terapia,
o pasado no olovido .

Que marabillas ofrece o campo
nas circunstancias dun mundo divino!

-ZAPATEIRO-

/

Meus pais quixeron darme un oficio
e traballei cun mestre zapateiro
que no mirar non era algareiro.
Non foi doado tempo de inicio.

Os poucos meses xa daba beneficio,
moitos disgustos levei ao primeiro
peseta diaria por mal remendeiro,
gañar tan pouco era un maleficio..

Agulla rota, dous reás de multa
e se rompía dúas quedaba sen cadela
logo por ende o amo que insulta.

Mirei a porta e botei por ela,
a decisión tal vez non fora xusta,
pero deixei tirando a subela.

-MANCEBO DE FARMACIA-

Mancebo de farmacia, non en vano,
Farmacopea, arcón de valía,
con moito arte canto se facía,
o boticario era veterano.

Mais o mancebo, un pobre enano,.
na rebotica de todo había,
o formulario era garantía,
para medicamentos do ser humano.

Por unha banda, a cobra da ciencia
e, pola outra, unha vocación,
ser responsable, probada conciencia.

Se píldora, xarope, emulsión.....
fórmula maxistral, moita prudencia,
o farmacéutico con ilusión. .

-RAPARIGO-

Sendo rapaz desexaba saber,
a miña mente era formigueiro,
o meu porvir non se vía algareiro,
pero na liorta tiña que vencer

Tan ignorante, non sabía facer,
o meu futuro, un saco baldeiro,
a ilusión, facerme carpinteiro,
pero doado non parecía ser.

Para logralo non tiña valía,
tallar madeira fermosa conquista
e dese xeito que feliz sería!

A vocación de ser ebanista,
sempre soñando esa fantasía,
aínda pecando de ser optimista.

-PRAIA DE SILGAR-

Xa cheguei a Silgar,
gozo dos baños, tamén do ambiente,
cada pouco xa no mar
auga limpa e quente,
sol e area e xente con xente.

-SANTO DOS CROQUES-

De neno tiven problemas co oído,
na medicina sen fe en curar
e as San Lucas fun para pregar,
misa tras misa, dos croques ferido.

O sacristán zoupaba aflixido,
pega na croca tirando a dar,
en cada cruz voltaba zoupar,
Aínda me lembro das caricias doído.

Sendo devoto con amor recei,
sempre soñando no mundo dos nenos,
con moita fe aquilo aguantei.

Pero, co Santo dándome cotenos,
en canto puider xa os rexeitei.
Aqueles golpes chegaban sen frenos.

-A MIÑA BICICLETA-

Comecei a soñar nunha bicicleta,
dando pedal esgotado chegaba,
calamidades nas viaxes pasaba.
en cada inxección, cambio de meta.

Dalle que pego na miña carreta,
tanto esforzo deseguida suaba
e, polas noites moito estudiaba,
cada paciente coa súa receta.

Naqueles tempos pistas non había,
eran camiños ou rotas de carro;
sen alumeado era temerario.

Nos temporales o vento ruxía,
polos camiños con auga e barro
e sen descanso, cumpría o horario.

-A NAI-

Canta entrega e canto amor!
É o espello no que nos miramos,
cando nos falta sempre a lembramos,
nada na vida ten ese valor.

O noso lar ela dalle calor,
cando nos deixa de pena choramos
e, con cariño, por ela pregamos.
na nosa vida a xoia mellor.

É manantrial das moitas caricias,
sendo berce e fonte de pracer,
mailo regazo, balcón de ledicias.

Abnegación no xeito de querer,
tan dadivosa brindando primicias
coma nos intres do rolo mecer.

--UN PAXARO NA VENTÁ--

Nunha ventá un paxaro cantou
un doce son, por iso escoitei,
mais, de repente, o canto cesou
e, no silencio doído quedei,
pero, de pronto, o canto sonou.
Cando se foi na soidade chorei!
Que sensación o pracer de escoitar
a melodía dun fermoso cantar!

-LEMBRANDO AS FACHAS DE CASTELO-

Dende Sanxenxo, sete de setembro
penso nas fachas do castro-Castelo.
é un gran día, por iso me lembro,
este suceso lamento non velo.
Asociación me honra sendo membro.
Queima das fachas, ilusión e celo.
Do pobo celta vennos a herdanza,
É un deber conserva-la lembranza.

-VISIONARIO-

Fai unha noite de amor e luar,
Teño saudade, conto as estrelas,
Sinto nostalxia, estou lonxe delas,
Tanta morriña, desexo chorar.

Que marabilla miralas brilar
e con arela encántame velas!
E canto gozo se soño co elas,
se foxe ave quixera voar.

Logo lembreime que estiven tolo
por unha moza que vira no muiño
que sendo nena mecina no rolo.

En namorala eu fun parruliño,
tanto a quixen, pequei de paiolo,
sen decatarme quedei sen cariño.

-UN DESEXO-

Hoxe fun de paseo polo monte,
mirei paxaros e ovos no niño,
tomei un grolo de auga na fonte
e, deseguida volvín o camiño,
voltei a casa o mesmo ca onte.

-AS BÁGOAS DE ROSALÍA-

Pola eterna Galicia
moito chorou Rosalía,
en defensa dos galegos,
pobo que tanto quería,
iso de ser tan servil
ela nada entendía,
desexaba con orgullo
homes de máis valentía,
porque ser tan obedientes
o noso carácter fería.

Uns pobres, outros ricos,
pero todos con valía.
os cartos dan moitas cousas,
non sempre son garantía,
para ser un bo galego
lógrese con gallardía.

Coñecín un ricachón
que de millóns presumía,
por un saco de cemento
ata o voto vendía,
lamentable proceder
de increíble cobardía .

Por algo se lamentaba,
entrañable Rosalía! .

-LEMBRANDO O NOSO FILLO-

Con quince anos ao ceo chegou,
unha desgraza, maldita noticia,
o noso fillo, fermosa primicia.
Noso Señor, por que o levou?

De curta vida o neno finou,
e no futuro vivir sen ledicia,
coa nostalxia de cada caricia,
a ilusión que a morte matou.

Ahumeaba o noso fogar,
era o soño dunha esperanza,
a bendición que nos fixo soñar

Agora só nos queda a lembranza,
de nada vale xemer e chorar.
Noso porvir amosa inquedanza!..

-FESTAS DOS MILAGRES-

A nosa vila está de romaxe,
son os Miragres da Nosa Señora
sendo a Raíña que o pobo adora
e polas rúas desfila a imaxe.

Tempos de xolda en cada paraxe,
ferve a xente que chega de fóra
e o ambiente gusta e namora;
festa na vila e cor na paisaxe.

Unha semana dende o inicio,
baile e música e moitos festeiros,
todo amosa que temos oficio.

Sexan benvidos tantos forasteiros!
Noso exemplo que sexa propicio
e, a bailar, xa tocan os gaiteros!.

-A NOITE-

Miro as fauces da noite,
xa nestes intres comeza,
escandalizan os corvos,
veñen a centos as pegas,
todos buscan coma tolos
refuxio na arboreda.
Cantas cousiña ensina
nosa nai natureza!

Nun ventanuco pequeno
unha curuxa asexá,
esmorece coa fame
e desexa unha presa,
sabe que é necesario
o ataque por sorpresa.

Quen non tope bo cubil
ata o día xa non chega,
e quen moito se confía
xa se queda sen pelexa.

Pola noite, no descanso,
a escuridade cerra,
o comezar a durmir
a nosa mente trebella.

As aventuras da noite
son coma mundo das lendas!

-AO DESTINO-

Lembro que onte dábame por rir
e, por que hoxe xa quero chorar?
Canto varía o xeito de sentir!
A nosa vida non é un cantar
e o destino do noso devir,
de nada vale o moito loitar,
e pouco conta o moito facer
se o final é que vamos morrer.

-GATO “FELÍN”-

A miña dona gústanlle os gatos,
pero non tanto o bravo “Felín”.
se ten enfado, chámalle ruín,
mata paxaros e ademáis ratos,
é, por instinto, feroz matachín.

-TERCEIRA IDADE-

Deixo atrás un escabroso camiño,
na existencia tristuras e dores,
pero con soños de tempos mellores
sen dar-me conta, fíxenme velliño.

Sempre temín ese andar miudiño,
moito loitei entre toxos e flores
e na lembranza lonxanos temores,
meu relicario, amor e cariño.

Eu temo padecer inmovilismo,
ata me miran coma se morrera,
boto de menos aquel dinamismo.

A miña vida non é como era,
penso que vou dereito o abismo
vivir máis tempo é case quimera.

-SOÑANDO-

Andan no aire, felices viven.
Vaia fortuna ser paxariño!
Ese foi soño que na noite tiven:
imaxinaba que saíra do niño,
e nas alturas voando andiven,
ía ao ceo facendo caniño.
Os soños, o mesmo ca bolboretas,
tocan as flores e non paran quietas

-TEMPOS DE TRISTURA

- Tarabeleo e falo co vento,
cóntolle cousas: Tantas inquedanzas
As experiencias de cada momento,
certos aspectos das miñas andanzas.
Canta traxedia nun mundo noxento
no dramatismo das miñas lembranzas! .
Malos recordos, mellor rexeitar
e no futuro, soñar e soñar .

-XÍLGAROS-

Os xílgaros cantaban no xardín,
viñan os cardos, semente había,
xa desconfiado, eu algo temía,
teño un gato, de nome “Felín”.

El cos paxaros, era galopín.
Castigueino sen sair noite e día,
tiven enfado mentres lle dicía:
Mira, gatiño, non sexas tan ruín!

Deixeino sair e quedeino velando
unha vez fóra xa quixo cazar,
pero os xílgaros saíron voando.

Non lle deixei o pracer de matar,
logo miañaba, estaba chorando.
No meu xardín non volveron cantar!

-SANTIAGO APÓSTOLO-

Cando Santiago pisou Compostela
e, de xeonllos bicou esta terra,
castigou mouros para defendela,
sendo heroe na paz e na guerra
el bendicíu os Campos de Estela.
“Cerra España” –Apóstolo berra-
Foi na súa vida un home xenial,
gañou de tumba unha catedral.

-TRIBULACIÓN DOS PAXAROS-

Un paxariño nas ramas cantaba,
coa tristura, sen pausa, chorando,
dalle que dalle a noiva chamando,
como non viña, a cantar voltaba.

De tanto esperar, desesperaba,
pero, de pronto, xa chegou voando,
dáballe bicos, de gozo saltando,
porque o niño os dous esperaba.

Cando o berce quedara feito
era momento de poñe-los ovos,
moito esforzo, paciencia e xeito

,
Logo nun tempo quedaban chocados,
Despois xa viñan paxariños novos
aínda despois precisaban coidados. .

-A FLOR DO TOXO-

Un día falando cos toxos
pregunteilles, con cariño:

Por que se vos roubo flores
case sempre me espiño?

Entón eles responderon,
dicindo polo baixiño:

“Senón fora polas picas
nós quedaríamos espidos,
esas flores amarelas
son as xoias que lucimos!”

-G A L I C I A -

Aínda que todo o mundo se funda,
non finará tan gloriosa grandeza,
homes co sangue da terra fecunda,
fan o destino con moita firmeza.
non morrerá a Galicia profunda,
a nosa patria de rancia nobreza.
Nosos heroes fixeron historia,
sempre co temple nos feitos de gloria.

-DUBITATIVO-

Padezo mal de amores,
Xa non gozo alegría,
Víctima de tolería
Confundo toxos con flores,
Acósanme os temores.
Nunca tan mal me sentín,
Non sei que será de min!
Se me matan os anhelos,
Non entendes meus desvelos,
Isto será o meu fín.

-VENTO-

Moitos misterios agochan os ventos,
onde comezan e onde culminan,
pero os medios rumbo adiviñan,
son coma brisas, se soplan lentos.

Con moita forza xa son elementos,
logo, con furia o mundo dominan
pasan zumbando, alá lonxe finan,
amosan présa coma pensamentos.

O tempo cambia, nunca é igual:
en primavera é unha ledicia
e no inverno resulta fatal.

Home do tempo dará a noticia
e preocupa se da vendaval,
pero, se suave, é unha caricia.

-EMBALSE DE BELESAR-

Navegando embalse Belesar
lembro que foron augas asasinas,
asolagaron frondosas ribeiras:
o Penadoso, tamén Valdomende,
defenestrando fermosas paisaxes
e logo pobos con moita historia.

Pobre río Miño que moito perdeo,
non queda reo, tampouco salmón,
escasas troitas, ademáis diferentes,
augas paradas que restan sabor
e non conservan boa calidade.
tamén se nota falta de anguías.

Ai, Belesar, cantas cousas tragou!
Hoxe amosa mar de escaleiras
sendo os pasos as que foran muras..

Xa no verán o nivel vai baixando
e no inverno acaba rubindo,
vai anegando antigas adegas
máis esqueletos das que foron vides,
mentres que nós choramos de rabia.

Xa ninguén furga no leito do río,
como fixeron aqueles romanos,
pero despois viñeron os mouros,
todos soñando co mesmo afán.
cantos plantíos, sen piedade taparon
e cantos vales tamén se perderon!
Tantos encantos que alumeaban!
preto do río o embruxo fascina.
nunca a auga foi boa co viño,
pero agora resulta fatal.
Antes dicíase: “Ribeiras do Miño.
tempos modernos: “Ribeira Sacra”.

Ofreceremos unha homenaxe
ao arte románico da zona
e desenrolo dos tempos antigos,
en moitos templos da nosa bisbarra,
coma igrexas: Bembibre, Pesqueiras

Lembro do Miño, non era embalse,
tiña recursos e quedou sen eles.
canto embruxo e canta saudade,
é entrañable esta terra meiga!

Portomarín primitivo, fundido
no elemento que lle dera vida
e, coma “Ave Fénix”, dos seus restos
xa rexurdíu unha vila moderna,
sendo pousada para peregrinos
que toman folgo cara a Compostela,
son do camiño devotos soldados..

Finou Mourulle igual ca Pinceloi
e Santa Marta coa súa capela,
finou a lenda: “Pozo Valdecán”.
foi unha parte daquela historia
e, do pasado xurde o presente.

”
Castro Candad, fortaleza dos Camba
e Taboada, tamén foi vivenda,
e cos normandos quedaron as ruínas,
xa rematando século catorce.
Cantas batallas tiveron lugar
polos ataques de tantos intrusos!
Moita cultura augas anegaron
por mor de acadar máis enerxía.

,
Coa tecnoloxía depredadora
rematará aquela tradición.

Se a Ribeira Sacra non quedara
sen os viñedos que entón perdeo,
a calidade dos viños sería
de máis solera ca que ten agora.

Nas plantacións que antes existían
sempre había auga fresca do río.
aqueles caldos ricos en azucre
daban colleitas doutra dimensión.
Se co embalse aínda campa precioso
como sería cando era o Miño!

--LEMBRANZAS DA LAREIRA--

Recordo tempos da nosa lareira,
preto do lume quentaba as canelas,
tanta fogaxe facía mulas nelas,
pasaba as horas alí na fogueira.

Falaban todos, era unha ,feira,
había filloas, nas brasas, costelas,
así quentiñas, un pracer comelas.
Contaban contos: Fume na fumeira.

Dicían dun mozo que viña do muiño
quedara lelo por unha morena.
Era amor o mal do parruliño!

Viña chorando na noite de pena,
deixaba bágoas polo camiño,
víu unha bruxa co traxe de nena.

-VIÑO E ADEGAS DA RIBEIRA SACRA-

Ribeira Sacra, paisaxe e viño,
nace dun caldo de moita pureza
e, cando sae, parece que reza.
Moi ben nos senta tomar un grolíño!.

Xa da o cheiro preto do fociño,
quita da mente calquera tristeza,
é un xarope, exhibe grandeza,
ten o perfume das brisas do Miño

Son as adegas niños de amor,
nas suas entrañas, arela de gloria,
sen pesadelos, moito esplendor.

É un recuncho, fonte da euforia.
Contan que nunha durmíu o Señor,
uns dinlle lenda e outros historia.

-CAMIÑANDO POLA ROTA DOS CRUCEIROS DE TABOADA-

,

Na nosa rota dos vellos cruceiros
hai argumentos de moito falar,
cada recanto amosa algún,
formando parte da nosa paisaxe,
unha sinal nos puntos de encontro,
para pregarías de xente devota,
necesidade do pobo galego
polos efectos da praga das bruxas
e, ademáis a Santa Compañía,
causa temor Desfile vagalumes.
é un misterio tanta bruxería
nunhas persoas de fortes crenzas,
con sentimentos de raíces profundas
e convencidas do amor de Deus.
santos e meigas van na procesión,
logo vacilan na carta que xogan.

Cando o Sol xa busca refuxio,
no basamento da cruz de Moreda
un campesiño, de xeonllos, prega
a salvación dunha bruxa, Rosiña,
para que Deus lle conceda perdón,
pobre muller que no mundo pecara

Cada cruceiro invita a fe,
falar con Deus, sentimento cristián,
non é capricho se cruces se ven,
nacen co fin de escoitar preces
de tanta xente que está a pedir.
Que marabilla, cruceiros de peto,
os de Castelo, Vilela e Campo!
Os alusivos paixón do Señor,
Isto ocorre coa cruz de Couto

logo outros con moita historia,
Recemondelle, por unha ofrenda:
Un criado fiel que entregou a vida,
para salvar a do amo que tiña.

Cando visito trágico lugar
sempre me lembro dun home altruista
que non parou a pensar naquel dito:
“Vida por vida, primeiro, a miña”

Diversidade é unha constante,
son monumentos para oración,
cada cruceiro apunta ao ceo
para dicirnos: “Isto é camiño!”
arte na pedra ou poedra no arte,
o importante sempre é o fin:
son testemuñas dos nosos antergos,
formando parte dunha tradición.
non se concibe paisaxe galega
se non se mira ese monumento.

Polas parroquias do Miño, sen cruces,
será que nunca existiu granito,
pero abunda moito a pizarra,
entón facían cruces de madeira
por iso foron quedando sen elas.

Tempos virán que haberá cruceiro
coma vixiante da Ribeira Sacra,
os veciños que coidan viñedos
saiban que contan alí co Señor.
Non falte viño na hora da misa
nin devoción nos campos de cultivo,
que non carezcan as nosas ribeiras
desa presenza das cruces de pedra..

-NOVO ENCONTRO-

Ola, Sanxenxo, outra vez cheguei,
de marabilla, ti sempre medrando!
monte arriba e segues trepando,
o teu futuro é ouro de lei..

Cando te coñecín xa me decatei,
mentres a práia estaba mirando,
logo na noite a Lúa navegando
e, polo día miro o astro Rei.

Que privilexio vilas e cidades,
cantos máis anos, máis populosas!
E co progreso moi lonxe chegades..

No dsenrolo sempre ambiciosas,
hai ilusión, máis prestixio gañades,
sodes orgullo desta terra nosa.

- NUN ENTERRO-

Fala que fala e goza falando:

“Mira que tipo, é un cara dura,
de trás do morto van todos chorando,
ese zafado, vai senpre cantando”.

Cala, imbécil, é o noso cura!

-BRISAS DE SILGAR-

As brisas de Silgar,
fermosa flor dos xardíns de Galicia,
os aromas do mar,
unha suave caricia
Tanta beleza é unha primicia!

-SENILIDADE-

Como pasan os anos!
o inimigo máis grande que teño,
non vivo de engano,
sei que de lonxe veño
é, son consciente que, un día me quedo.

-CONTANDO BOLBORETAS-

Conto nas bolboretas
mentres camiño a beira do río,
pasan coma centellas,
os paxariños, pío, pío,
e, por contaxio, feliz asubío.

-ANDORIÑAS-

Chegaron andoriñas,
son as campás que anuncian verán,
igual ca rapaciñas
nas piruetas que fan,
tan algareiras que veñen e van.

T

-AVISO-

Non me tentes máis, rapaz,
deixa de toca-las tetas!
aínda non eres capaz
e déixate de piruetas,
xa serás máis eficaz

-CASAMENTO-

Namoramento, nosa primavera,
brisas do río e aires da montaña,
flora e fauna fan festa no campo,
os paxariños cantan melodías
E a paisaxe vístese de gala,
a vida ferve cos raios de sol.

É un tesouro vivir moitos anos,
a xuventude é un don de Deus.
Adán buscou a Eva no Paraíso,
para facer un proxecto común,
coa xuntanza sería máis doado.
na compañía fuxe a saudade!

É de precepto a outra metade,
as bolboretas bailan coas flores,
buscan amor, páranse en todas,
moito insisten, desexan compañía,
e un desvelo do soño dourado,
raios de Lúa nunha noite de prata.

Os seres vivos anhelan xuntoiro,
namorar feitizo de noivar
e sendo novos arranxan parella,
para xurarse amor de por vida.
unha primicia poder compartir
felicidade mailo sufrimento.

Noso contrato, unha alegría,
e necesario doce agarimo
sexa meta dun destino feliz.
fidelidade é cousa de dous
na convivencia de cada xuntoiro,
tamén as rosas amosan espiñas.

Este anel é selo de unión
na harmonía dos soños que tivemos,
luz no querer e paixón na entrega,
pomba con pombo e rula con rulo,
sempre da man, polo mundo xuntiños,
noso porvir, fogar e familia.,

-NATUREZA-

Que harmonía tanta hermosura
esta beleza co campo amosa,
canta primicia en cada criatura
Dunha roseira collín unha rosa
vaia encanto, graza e donosura,
Que elegancia de xoia preciosa!
De marabilla e non custa nada.,
esta paisaxe está encantada.

-ENVELLECENDO-

Con moitos anos triste languidece,
pero aquel amor que de novo tivo
e no recordo xa nunca esquece´
os sentimentos mantéñono vivo.
Cando non soñe, lento esmorece,
porque vivir non amosa motivo.
É o amor a mellor aventura,
cando se perde xa non se atura.

-NA MIÑA HORTA-

Na miña horta abundan as grelas,
e na despensa, lacón e chorizo,
esas cousiñas é pracer comelas,
e na fogueira, torrezmos o guizo.
tazas de barro, viño fresco nelas,
unha cachola colga do canizo.
Nosas lareiras, niños de embruxo,
canto se come sabe a cabuxo.

-MULLER FATAL-

Que xeito de mirar!
Leva nos ollos mirada fatal,
nunca quixo casar,
dos homes fala mal
e, se enfada é un vendaval.

-CANTANDO POLA RIBEIRA-

Vou camiñando a beira do río,
unha maneira de pasa-lo tempo,
de pronto vexo unha libeliña,
toca na auga na posta de ovos.

Unha Leticia as cousas que miro!
É un pracer tanta marabilla,
natureza exhibe paisaxes
configurando fermosos tapices,
a perfección amosa harmonía

As bolboretas que voan a brincos,
os paxariños que cantan nas ramas,
as lagartixas que pasan fuxindo,
a donicela mira desconfiada.....

Coma un raio pasa un Coello
e agóchase alá nun furaco,
e nunpiñeiro come un esquío,
anda tan áxil coma torbeliño.
chegan as pegas, as tolas do aire
e logo veñen as aves rapaces,
coa presenza alteran a paz
neste lugar de tanto esplendor.
e na campiña, flores silvestres,
en variedaes, moito colorido

e no perfume, esencias de campo.
as augas nidias leva o regato,
e nas baixadas tocan buguina,
música suave, canto da ribeira,
preciosa senda as rotas do viño,
onde románico xa forma parte.
ata os árabes aquí chegaron,
nada extraño, había atractivos,
eles de parvos non tiñan un pelo,
non rexeitaban o noso paraíso.

Viño e auga conviven felices,
poñen as notas dun vello cantar,
esa canción que o embalse tragou..
xa no Club náutico tomei café´
vendo paisaxe de luces e sombras,
co esas brisas qe ruben do Miño,
nestes lugares soño con arela.
Vaia caricias que traen os ventos!
Eses contrastes de río e montaña.
non teñen prezo ledas sensacións.
Isto non é o bulicio mundano.

Vivo feliz coma rula con rulo
este mecer de tanta fantasía,
para o gozo dos cinco sentidos.
xa ven a noite, non poido seguir,
chegou a hora de voltar a casa,
choro aquilo e gústame isto.

Cando me deito apago a luz
e as pantasma métese comigo
bailo co elas e rinse de min.,

-TEMPOS PRETÉRITOS-

Miro ao embalse Belesar
e nesas intres eu fago memoria
daquela data que foi tan notoria:
A defenestración de anegar.

E, recordando, desexo chorar,
unha fractura da nosa historia,
dun patrimonio cuberto de gloria.
Houbo afán de todo inundar!

E a ribeira de rabia chorou,
porque perdera da parte do ser.
Canta beleza a auga tapou!

Amor entrañable dun querer,
en nome do progreso xa finou..
Vaia tesouro, fonte de pracer!

-DESTELOS DA RIBEIRA SACRA-

*A Ribeira Sacra é
a musa da poesía,
e todo canto se ve,
encantos de fantasía.*

*A Ribeira Sacra é
esplendor e harmonía,
se na paisaxe tes fe
unha suave melodía.*

*A Ribeira Sacra é
manantial de alegría,
e se nela po-lo pé
é pracer de cada día. ,*

-A PERLA DO NOSO RUEIRO-

*A Avenida de Lugo,
orgullo de Taboada,
un privilexio da vila
co adxetivo de “Branca”
En calquera dos extremos,
unha ledicia mirala,
e mallora a imaxe
cando se viste de gala.
Se poñemos atención
é auténtica monada,
ela é a máis bonita
que no rueiro se garda.
Nunha punta o San Roque
que bendice a entrada
é na saída, o Carballo,
co “Adeus!”, a cantos marchan.
Un pracer das beirarrúas
son as brisas da montaña,
maila xoia do conxunto,
Porta da Ribeira Sacra.
Ben comer e ben beber,
ben vivir, xa ten a fama.
Os aderezos que luce
as dúas ringleiras de casas.
sendo pequenos detalles
son coma flores na planta.*

Sócrates Rigueira Ramos

